



## BANDO INFORMATIVO

### BECAS PARA ESTUDOS 2021

**LUIS REY VILLAVERDE, ALCALDE do Concello de Oroso**

**INFORMA** da apertura do prazo de solicitude das becas para estudos 2021.

**OBXECTO:** Becas para sufragar os gastos do alumnado que curse estudos obligatorios (Educación primaria, secundaria) ou 2º Ciclo de Educación Infantil, en centros públicos do Concello de Oroso (CEIPP Camiño Inglés, CEIPP Sigüeiro, CRA de Oroso e IES de Oroso), que fosen efectuados desde o inicio do curso escolar do exercicio orzamentario presente: material escolar (mochilas, estoños...), material deportivo (chándal, zapatillas deportivas), roupa de abrigo e calzado, material informático, etc.

#### CONDICIÓNÉS ECONÓMICAS:

O importe total máximo das axudas é de 5.000€. A contía máxima da beca por solicitante e alumno será de 200€.

A concesión da subvención farase mediante concorrencia competitiva, segundo os criterios de valoración das solicitudes previstos na base 7º das Bases reguladoras. O réxime de outorgamento e xustificación rexirase polas "Bases reguladoras para a concesión de becas para estudos do ano 2021" aprobadas dentro das bases de execución do orzamento de 2021 e publicadas no Boletín oficial da provincia da Coruña do 4 de xuño de 2021.

#### REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

Aquellos que ostenten a patria potestade ou tutela do alumnado que curse estudos obligatorios (Educación Primaria e Secundaria) ou 2º Ciclo de Educación Infantil, en centros públicos do Concello de Oroso que cumpran os requisitos previstos na base 3º.:

- a) Que segundo o artigo 9 a renda anual da unidade familiar non supere os 6.000€
- b) Que non sexan beneficiarios de outras axudas por parte de outras administracións públicas ou entidades privadas para os gastos subvencionados que, sumadas ás concedidas polo concello, excedan do gasto realizado por este concepto.
- c) Que os alumnos para os que se solicite a axuda estivesen empadroados no Concello de Oroso de forma ininterrumpida como mínimo desde un ano contado desde a publicación da convocatoria.
- d) Non estar incursas en ningún dos casos previstos no artigo 13.2. da Lei Xeral de Subvencións.
- e) Que todos os membros da unidade familiar estean ao corrente das súas obrigas tributarias.
- f) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo concello.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** Ata o 29 de xullo de 2021

**MÁIS INFORMACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso.  
CITA PREVIA no teléfono 981 688 950. (BOP nº 120 do 29/06/21)

Oroso, 30 de xuño de 2021.

O Alcalde, Luis Rey Villaverde.

